

FOLLETO MISA CON NENOS

5 de novembro 2023

ORDINARIO 31º-A

Mateo 23,1-12: "No sexades como os fariseos. O primeiro entre vós será o voso servidor"

Mensaxe: A túa graza é para os sinxelos



tu Gracia

para los pequeños
para los pobres,
para los niños
para los que están detrás,
abajo, descartados,
olvidados, perdidos...
para los humildes,
los arrodillados
los sencillos...



«El que quiera
llegar a ser grande
entre vosotros,
será vuestro
servidor»

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Benvidos á eucaristía neste domingo 31 do tempo ordinario. Despois dos días en que festexamos aos santos e rezamos polos defuntos, Xesús fainos varias chamadas: que fagamos o que dicimos, que non sexamos orgullosos nin busquemos os postos de renome, e que aprendamos a ser servizais poñéndonos ao dispor dos demais. Pidamos hoxe ao Señor que este sexa o estilo de vida de todos os que formamos a Igrexa pero especialmente dos que ten cargos de responsabilidade nela.

SAÚDO DO SACERDOTE: No nome do Pai...

O Deus dos sinxelos e dos que fan o que din, sexa convosco.

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: Ao Deus humilde, cuxo amor nos libera e sa, pedímoslle perdón.

- **Catequista:** Ti que cumpres a palabra, que apoias o que dis cos feitos. *Señor, ten piedade de nós.*
- **Neno/a:** Ti que viñeches non a ser servido senón a servir a todos. *Cristo, ten piedade de nós.*
- **Pais:** Ti que condenaches a soberbia, o orgullo e o buscar os *primeiros postos. Señor, ten piedade de nós.*

Sacerdote: Que Deus o noso Pai, nos purifique do pecado e nos faga dignos de participar desta Eucaristía.

3.- MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS

O texto do profeta Malaquías que agora escoitamos, predisponnos a entender o Evanxeo que se nos lerá despois. Transmitir o Evanxeo, evanxelizar, non é só predicar uns contidos teóricos, senón transmitir unha maneira de vivir: a maneira de ser de Deus, o estilo de vida de Xesucristo. Se o que facemos non coincide co que dicimos, somos uns hipócritas e a nosa vida convértese nun escándalo para os demais.

LECTURAS

MALAUQUÍAS 1, 14b - 2, 2b. 8-10: *Tédesvos separado do camiño recto e fixestes que moitos tropecen na lei.*

Eu son un gran rei, di o Señor do universo, e todas as nacións temen o meu nome. Isto é o que vos mando, sacerdotes: Se non escoitades e non poñedes todo o voso corazón en glorificar o meu nome, di o Señor do universo, enviareivos a maldición. **Separástesvos do camiño recto e fixestes que moitos tropecen na lei**, invalidando a alianza de Leví, di o Señor do universo. Pois eu tamén vos vou a facer desprezables e viles para todo o pobo, xa que a vosa boca non gardou o camiño recto e fostes parciais na aplicación da lei. Non temos todos un mesmo pai? Non nos creou o mesmo Deus? Por que entón nos traizoamos uns a outros profanando a alianza dos nosos pais?

Palabra do Señor.

SALMO 130: R/. Garda a miña alma n paz, xunto a ti, Señor.

1ª Tesalonicenses 2, 7b-9. 13: *Desexabamos entregarvos non só o Evanxeo de Deus, senón ata as nosas propias persoas.*

Irmáns: Portámonos con delicadeza entre vós, como unha nai que cuida con agarimo dos seus fillos. Queríámosvos tanto que desexabamos

entregarvos non só o Evanxeo de Deus, senón ata as nosas propias persoas, porque vos gañabades o noso amor. Lembraide, irmáns, os nosos esforzos e fatigas; traballando día e noite para non ser gravosos a ninguén, proclamamos entre vós o Evanxeo de Deus. Polo tanto, tamén nós damos grazas a Deus sen cesar, porque, ao recibir a palabra de Deus que vos predicamos, acolléstela non como palabra humana, senón, cal é en verdade, como palabra de Deus que permanece operante en vós os crentes.

Palabra do Señor.

MATEO 23,1-12: *Eles din, pero non fan.*

Narrador: Naquel tempo, falou Xesús á xente e aos seus discípulos, dicindo:

Xesús: -«Na cátedra de Moisés sentaron os escribas e os fariseos: facede e cumpride todo o que vos digan; pero non fagades o que eles fan, porque **eles din, pero non fan**. Atan fardos pesados e cárganllos á xente nos ombreiros, pero eles non están dispostos a mover un dedo para empuxar. **Todo o que fan é para que os vexa a xente:** alongan as filacterias e agrandan as orlas do manto; gústanlles os primeiros postos nos banquetes e os asentos de honra nas sinagogas; que lles fagan reverencias nas prazas e que a xente os chame “rabbí”.

Vós, en cambio, non vos deixedes chamar “rabbí”, porque uno só é o voso mestre e todos vós sodes irmáns. E non chamedes pai voso a ninguén na terra, porque un só é o voso Pai, o do ceo. Non vos deixedes chamar mestres, porque uno só é o voso mestre, o Mesías. **O primeiro entre vós será o voso servidor.** O que se enaltece será humillado, e o que se humilla será enaltecido».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús).

4.- ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: *Oremos ao Señor, noso Deus, dicindo*

-Escóitanos Señor.

1. Para que a Igrexa sexa lugar de encontro de irmáns. ***Oremos.***
2. Para que os que teñen cargos na Igrexa sexan sinxelos, servizais e servidores. ***Oremos.***
3. Para que nunca nos deixemos levar pola mentira, as aparencias ou o desexo de dominar os outros. ***Oremos.***
4. Para que vivamos segundo indícanos a nosa conciencia e nos deixemos guiar por ela. ***Oremos.***
5. Para que sexamos sinceros e comprensivos con todos sen aspirar a ser máis que os outros. ***Oremos.***
6. Para que desaparezan as guerras, as nacións dialoguen e tendan a man. ***Oremos.***
7. Para que os nosos defuntos sexan recibidos por Deus no seu Reino de luz e de vida. ***Oremos.***
8. Para que todos aqueles que choran pola morte dunha persoa querida sintan o consolo de Deus e a súa fortaleza.

Sacerdote: Escóita, Pai, a nosa oración e que o teu amor nos libere das nosas escravitudes. Por XCNS.

5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- CARTEIS “SI” e “NON”

Con estas palabras “SI” e “NON” queremos simbolizar neste día aquilo que ás veces facemos con Xesús: dicimos que “SI” pero logo, coa nosa vida, facemos aquilo que nos convén cun “NON”, predicamos unha cousa e logo facemos outra.

- CARTEIS COAS PALABRAS AMOR, XUSTIZA, VERDADE, ALEGRIA, ESPERANZA, DEUS, CRISTO, CEO E FAMILIA:

Con estas palabras: amor, xustiza, verdade, alegría, esperanza, Deus, Cristo, ceo e familia queremos comprometernos #ante Xesús a ser precisamente iso que o mundo tanto necesita e que estraña: persoas diferentes, coherentes, servizais.

- PAN E VIÑO:

Co PAN E O VIÑO, simbolizamos o máis grande do domingo, do Día do Señor. A Misa é unha mesa na que nos facemos fortes e recuperamos a alegría para seguir camiñando. Grazas, Señor!

"Dicen y no hacen"



SENCILLEZ, no prepotencia

SERVIR, no servirse

COHERENCIA, no apariencia

6.- ORACIÓN DE GRAZAS

Deus dos sinxelos

Gracias, Xesús, polo que hoxe nos lembraches que:

A ti non che gustan os que levan caretas para aparentar, nin os que aproban a teoría pero suspenden na práctica, nin os **que mandan facer aos outros pero eles non fan.**

Ti apostas polos humildes, os coherentes e os comprensivos cos fallos alleos, os que fan do servizo aos demais o lema das súas vidas.

Hoxe pedímosche que fagamos realidade o que cremos, que non pretendamos ser máis que ninguén, que coidemos o noso interior máis que a fachada exterior, que lembremos ante todo que ti es Pai de todos e todos somos irmáns.

Pon nos nosos corazóns a chave do amor que nos libera das nosas escravitudes, abafos e medos e empúxanos a tender pontes, a abrir posibilidades, a facer máis felices aos demais

Porque ti, Xesús, dás a tu graza aos sinxelos.

**FELIZ DOMINGO,
DÍA do SEÑOR**